

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. PRIMEIRO DE MARZO

CURSO: 3º ESO

MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Anexo I. Rúbrica avaliación tarefas

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020 DEP. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	PÁXINA 1 DE 10	CENTRO: IES PRIMEIRO DE MARZO CURSO: 3º ESO MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
--	-------------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles*

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ **B3.3. Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovela individual e colectivamente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ **B3.4. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación (causas, prevención e tratamentos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaas coas súas causas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles*

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ **B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.18.2. Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.18.3. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ **B3.22. Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.22.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ **B3.23. Analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ **B3.25. Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ **B3.26. Recoñecer os aspectos básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.26.1. Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles*

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ **B3.27. Comparar os métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa e diferenciarlos dos procesos internos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.2.1. Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Indagar e identificar os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe nas zonas próximas ao alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.8.1. Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Recoñecer e identificar a actividade xeolóxica dos seres vivos e valorar a importancia da especie humana como axente xeolóxico externo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.9.1. Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.10. Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.10.1. Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.11. Analizar as actividades sísmica e volcánica, as súas características e os efectos que xeran. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB4.11.1. Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.13. Valorar e describir a importancia de coñecer os riscos sísmico e volcánico, e as formas de previlos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.13.1. Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valorar e determinar a importancia do solo e os riscos que comporta a súa sobreexplotación, degradación ou perda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB5.2.1. Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB6.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.

*Na táboa recóllense a correspondencia dos criterios de avaliación e os estándares imprescindibles traballados ata o 12 de marzo (data de suspensión das clases). Sobre eles basearanse as probas recuperadoras tanto en xuño coma en setembro.

**Afondaranse durante a 3ª avaliación por seren mínimos esenciais, aínda que só serán avaliados positivamente.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>As tarefas realizadas dende a declaración do estado de alarma serán valoradas a través dunha rúbrica que avaliará tanto a entrega e realización como o grao de consecución das mesmas. Así o alumnado poderá incrementar a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 1,5 puntos, dependendo das tarefas entregadas e da súa calidade..</p> <p>As tarefas realizaranse a través de correo electrónico. En todo momento haberá un prazo de tempo razoable para a realización das tarefas.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>O alumnado con avaliacións suspensas realizarán unhas fichas cos mínimos esixibles e temporalizados que entregarán telematicamente.</p> <p>O resto do alumnado continuará co desenvolvemento dos mínimos no reforzo de afondamento.</p> <p>As actividades propostas baséanse nos mínimos esixibles para esta materia. As actividades só terán unha avaliación positiva e introducirán os temas que trataríamos no terceiro trimestre en mínimos competencias de xeito que garantan as necesidades do vindeiro curso.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p><u>1ª avaliación:</u> 60% da nota media da ordinaria (ata 6 puntos)</p> <p><u>2ª avaliación:</u> 40% da nota media da ordinaria (ata 4 puntos)</p> <p><u>3ª avaliación:</u> 15% extra sobre a nota final (ata 1,5 puntos).</p> <p>A suma total máxima será de ata 10 puntos e o mínimos para unha avaliación positiva 5.</p> <p>Fórmula da cualificación:</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px; display: inline-block;"> <p>Nota final= ata 6 puntos da 1ªaval + ata 4 puntos da 2ª aval + ata 1,5 puntos extra da 3ª aval</p> </div> <p>Para o alumnado cuxa media ponderada xunto coa puntuación extra non acade un 5, contará coa posibilidade dunha proba final ordinaria telemática ou presencial (se for posible) na que se avaliarán os estándares mínimos tratados ata a suspensión das clases.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Se for posible proba telemática ou presencial cos mínimos desenvolvidos nas clases presenciais do curso 19-20. Posibilidade dun caderno de reforzo semellante o traballado na terceira avaliación (se for este caso, indicarse porcentaxe na avaliación).</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado realizará ou completará as tarefas preparatorias (cadernos) para cada unha das 3 probas e entregará a evidencia de telas realizado (chega con foto).</p> <p>A avaliación ordinaria de pendentes realizarase a partir das dúas probas escritas realizadas durante o curso e as evidencias enviadas de teren realizados os tres cadernos de traballos encomendados.</p>

	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Realizáronse 2 probas escritas durante o período presencial cuxo pro medio constituirán o 50% da nota final.</p> <p>O outro 50% o constituirá a entrega de tarefas de reforzo encomendadas, corrixis segundo a rúbrica de corrección de tarefas (pero ponderada ata 5 en lugar de 1,5).</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Como se indicou, leváronse a cabo dous tercios do plan de recuperación de pendentes do departamento. As dúas probas escritas (promedio) realizadas durante o período presencial constituirán o 50% da nota final.</p> <p>O outro 50% o constituirá a entrega de tarefas de reforzo encomendadas, corrixis segundo a rúbrica de corrección de tarefas (pero ponderada ata 5 en lugar de 1,5).</p> <p>O alumnado obterá unha avaliación positiva se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>As actividades, de variado formato, basearanse nos mínimos a acadar durante o curso e no afondamento do esencial para os seguintes. que o alumnado entregará nun prazo de tempo razoable.</p> <p>As principais propostas son</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de resumo ou de consolidación: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Resumos dos principais contados en pdf e ppt ◦ Esquemas. ◦ Xogos de repaso e test autoavaliación. ◦ Visionado de vídeos • Actividades de reforzo. <ul style="list-style-type: none"> ◦ Boletíns de exercicios • Actividades de ampliación. <ul style="list-style-type: none"> ◦ Traballos prácticos de indagación ◦ Exercicios prácticos ◦ Visionado de vídeos • Actividades de avaliación telemática
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Todas as tarefas faranse chegar aos alumnos ben a través do correo electrónico. O alumnado deberá entregar as tarefas polo mesmo medio. O docente facilitará as correccións e explicacións oportunas adaptándose a situación particular de cada alumno</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Libro de clase -Caderno de tarefas ou fichas individualizadas (provistas pola editorial ou de elaboración propia) -Vídeos explicativos -Webs externas axeitadas (CENICE, Procomún, Aulas Galegas, Abalar) -Carpeta Drive

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información será directa, a través de correo electrónico, co alumnado/familias e a través dos titores que estarán informados da planificación e desenvolvemento da mesma, por se son eles quen se deban por en contacto coas familias no caso de non desenvolver as actividades.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, tanto na lapela do departamento de Bioloxía e Xeoloxía como na habilitada para a docencia durante o estado de alarma.

ANEXO I

RÚBRICA BAREMACIÓN DO TRABALLO DA 3ª AVALIACIÓN					
	0 puntos Mal	0,2 puntos Regular	0,4 puntos Aceptable	0,6 puntos Bo	0,75 puntos Moi bo
Entrega de tarefas	Tarefas non entregadas	Tan só entregou un 25% da tarefas encomendadas ou parcialmente realizadas (menos da metade)	Entrega do 50% das tarefas ou parcialmente ou realizadas (metade)	Entrega de ao menos o 75% das tarefas encomendadas e/ou realizadas nun 75%	Todas as tarefas entregadas en forma e prazo
Grao de consecución	Estándares de aprendizaxe mínimos non acadados	Estándares mínimos parcialmente acadados.	Acadou os mínimos esixibles	Grao de consecución satisfactorio.	Grao de consecución moi satisfactorio.